

**REGULACIÓN DE
EMPREGO E FOGASA**

11

Marta Puebla Vilariño

Funcionaria do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal)

Índice capítulo 11

Capítulo 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA	3
11.1. Regulación de empleo.....	3
11.2. Fogasa.....	13

Capítulo 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

11.1. Regulación de emprego

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con competencia en Galicia e coa información publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Para a realización deste informe non contamos cos datos facilitados por la Consellería de Economía, Empleo e Industria, so están dispoñibles os datos de xaneiro e febreiro do 2019, polo que imos facer un análise cos datos destes dous meses y os completaremos cos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Neste primeiro cadro vemos como evolucionaron os expedientes nas catro provincias galegas nos anos 2018 e 2019 referidos aos meses de xaneiro e febreiro, tanto en expedientes pactados, como non pactados ou sen período de consultas.

O máis destacado é a diminución de número de expedientes, pasando de 32 en 2018 en toda a comunidade a 27 en 2019.

Pontevedra xa non é a que máis expedientes presenta e a que mostra unha redución máis significativa, pasando A Coruña a ocupar o primeiro lugar cun incremento de case o dobre.


O aumento mais significativo dáse na provincia da Coruña, na que os expedientes pactados pasan de 6 en 2018 a 13 en 2019 (xaneiro e febreiro).

Cadro 11.1

Expedientes de regulación de emprego, pactados, non pactados e sen período de consultas.
Galicia. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019

	2018				2019			
	pactados	non pactados	sen período de consultas	Totais	pactados	non pactados	sen período de consultas	Totais
A Coruña	6	13	2	1	0	1	8	15
Lugo	3	1	0	1	1	2	4	4
Ourense	3	1	0	0	0	0	3	1
Pontevedra	14	3	0	3	3	1	17	7
Autónómicos	0	0	0	0	0	0	0	0
Totais	26	18	2	5	4	4	32	27

Fonte: Consellería de Economía, Empleo e Industria.



Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel de Galicia quedan reflectidos no cadro 11.2, no que se confirma a tendencia a baixa en todos os sectores, excepto na construción que se mantén igual, tendo en conta sempre que a información dispoñible é moi reducida xa que solo podemos contar cos meses de xaneiro e febreiro.

Os cadros seguintes móstrannos a mesma información pero desagregada por provincias.

Cadro 11.2

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade.
Galicia. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019

	Despidimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	1	0	2	4	0	0	5	4
Industria	2	2	5	3	1	1	7	6
Construción	0	1	0	0	0	0	1	1
Servizos	4	5	5	5	10	3	19	16
Totais	7	8	12	12	11	7	32	27

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Con esta información podemos ver que na Coruña en 2019 hai un aumento no sector servizos tanto en despidimentos colectivos como en redución de xornada. Aumentan ata 3 expedientes as suspensións en pesca e mantéñense igual que en 2018 na industria cun total de tres, dous de despedimento colectivo e un de redución.

Cadro 11.3

Expedientes de regulación de empleo segundo a media e o sector de actividade.

A Coruña. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	1	0	0	3	0	0	1	3
Industria	1	2	2	0	0	1	3	3
Construción	0	1	0	0	0	0	0	1
Servizos	1	3	1	1	2	4	4	8
Totais	3	6	3	4	2	5	8	15

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En Lugo mantéñense igual os despedimentos colectivos e as suspensións, todos eles no sector servizos, non hai en ningún outro sector.

En Ourense deuse un ERE de redución de xornada no sector servizos (3 en 2018), mostrando unha significativa redución, aínda que a mostra só se refire aos dous primeiros meses do ano.

Cadro 11.4

Expedientes de regulación de emprego segundo a media e o sector de actividade.

Lugo. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	1	1	0	0	1	0
Industria	0	0	0	0	0	0	0	0
Construción	0	0	0	0	0	0	0	0
Servizos	1	1	2	2	0	1	3	4
Totais	1	1	3	2	0	1	4	4

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cadro 11.5

Expedientes de regulación de emprego segundo a media e o sector de actividade.

Ourense. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	0	0	0	0	0	0	0	0
Construción	0	0	0	0	0	0	0	0
Servizos	0	0	0	0	3	1	3	1
Totais	0	0	0	0	3	1	3	1

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En Pontevedra son as suspensións as que reflicten o maior número, alcanzando 6, e delas, 3 concentradas no sector da industria. Despedimentos colectivos só un e ningunha redución de xornada.

Cadro 11.6

**Expedientes de regulación de emprego segundo a media e o sector de actividade.
Pontevedra. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	3	1	0	0	3	1
Industria	1	0	2	3	1	0	4	3
Construción	0	0	1	0	0	0	1	0
Servizos	2	1	2	2	5	0	9	3
Totais	3	1	8	6	6	0	17	7

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

No seguinte cadro temos información sobre aqueles expedientes que afectan a máis dunha provincia, e son os despedimentos colectivos do sector servizos os de maior descenso. En 2018 non se deu ningún ERE a nivel autonómico, nin en 2019 no período xaneiro/febreiro.

Cadro 11.7

**Expedientes de regulación de emprego segundo a media e o sector de actividade.
Autonómicos (afectan a máis dunha provincia). Período: xaneiro/febreiro 2018-2019**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	0	0	0	0	0	0	0	0
Industria	0	0	0	0	0	0	0	0
Construción	0	0	0	0	0	0	0	0
Servizos	0	0	0	0	0	0	0	0
Totais	0	0	0	0	0	0	0	0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A modo de resumo por provincias e tipo de medida dos anos 2018 e 2019 presentamos o seguinte cadro.

Cadro 11.8

**Expedientes segundo medida e ámbito territorial.
Galicia. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
A Coruña	3	6	3	4	2	5
Lugo	1	1	3	2	0	1
Ourense	0	0	0	0	3	1
Pontevedra	3	1	8	6	6	0
Autonómicos	0	0	0	0	0	0
Totais	7	8	14	12	11	7

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Pasaremos agora a analizar as persoas afectadas por estes expedientes segundo a medida e o sector de actividade, para o que utilizaremos a información del Ministerio de Trabajo e Economía Social e da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector servizos e na medida de suspensión, seguido da industria e a medida de suspensión.

A maior redución interanual, con respecto a xaneiro/febreiro 2018 atopámola no sector da pesca e concretamente nos despedimentos colectivos, e na construción na medida de suspensión de contratos.


O maior aumento dáse no sector servizos e en suspensión de contrato, pasando de 25 a 670 persoas afectadas.

Cadro 11.9

**Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sector de actividade.
Galicia. Período: xaneiro/febreiro 2018-2019**

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Redución de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Agricultura	0	0	0	0	0	0	0	0
Pesca	10	0	49	49	0	0	59	49
Industria	61	49	81	252	6	1	148	302
Construción	0	22	4	0	0	0	4	22
Servizos	169	41	25	670	22	31	216	742
Totais	240	112	159	971	28	32	427	1.115

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.




O cadro seguinte detalla a situación nas catro provincias.

Cadro 11.10

Persoas afectadas según sector de actividade e provincia. 2018-2019

	2018				2019			
	Agricultura	Industria	Construcción	Servizos	agricultura	industria	construcción	servizos
A Coruña	39	369	19	373	83	1.245	229	498
Lugo	21	0	0	76	0	6	8	74
Ourense	0	47	0	64	0	192	25	165
Pontevedra	157	4.262	67	589	140	853	5	1.166
Autonómicos	0	0	0	0	0	0	0	0
Totais	217	4.678	86	1.102	223	2.296	267	1.903

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.



Na Coruña hai unha aumento significativo das persoas afectadas por ERE en industria (369 en 2018 e 1.245 en 2019). No cómputo total na provincia prodúcese un aumento do 157%.

En Lugo hai un pequeno descenso das persoas afectadas, sendo mais significativo no sector de agricultura (21 en 2018 e 0 en 2019), no total o descenso e do -9%.

Ourense reflicte unha provincia con aumento no número total de persoas afectadas especialmente orixinado nos sectores da industria e dos servizos. No computo global o aumento é de o 247%.

En Pontevedra o número de persoas afectadas redúcese en termos globais (-57%) especialmente no sector da industria (-79%), mentres que nos servizos dáse un aumento do 97%.


A modo de resumo por provincias, tipo de medida e persoas afectadas dos anos 2018 e 2019 presentamos o seguinte cadro.

Cadro 11.11

Persoas afectadas segundo a medida e ámbito territorial. 2018-2019

	2018			2019		
	Despedimentos colectivos	Suspensión de contratos	Redución de xornada	Despedimentos colectivos	Suspensión de contratos	Redución de xornada
A Coruña	586	178	33	1.410	568	77
Lugo	66	28	3	43	19	26
Ourense	32	62	17	141	210	34
Pontevedra	292	4.671	112	362	1.755	47
Galicia	976	4.939	165	1.956	2.552	184

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.






O cadro 11.12 mostra a desagregación por sexo con máis homes que mulleres afectadas, sendo a diferenza máis relevante nas suspensións de contratos. A redución das mulleres afectadas alcanzou en torno o -1% e o -29% no caso dos homes.

Cadro 11.12

Persoas traballadoras afectadas segundo a medida e o sexo. Galicia 2018-2019

	Despedimentos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de xornada		Totais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Homes	585	1.389	4.112	1.911	86	93	4.783	3.393
Mulleres	394	567	827	641	79	91	1.300	1.299
Totais	979	1.956	4.939	2.552	165	184	6.083	4.692

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.




Ponse de manifesto no cadro 11.13 que despois do elevado incremento dos anos 2011 e 2012, a tendencia varía no 2013 e dende entón a redución das persoas afectadas, mantense ata o 2017, subindo no 2018 o baixando de novo no 2019.

Cadro 11.13

Persoas traballadoras afectadas segundo ámbito territorial. 2010-2018

	Persoas traballadoras afectadas					Totais
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autónómicos	
2010	4.657	857	614	7.564	327	14.019
2011	5.661	1.560	1.070	11.271	1.165	20.727
2012	7.443	1.479	2.360	15.259	2.275	28.816
2013	5.514	1.172	1.934	9.577	2.054	20.251
2014	3.368	452	605	6.882	454	11.761
2015	2.597	341	326	2.938	65	6.267
2016	1.318	145	148	5.075	0	6.686
2017	1.116	131	205	1.887	0	3.339
2018	800	97	111	5.075	0	6.083
2019	2.055	88	685	2.164	0	4.992

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.



Cos datos do Ministerio de Traballo e Economía Social (cadro 11.18), podemos observar como en moitas comunidades autónomas aumenta lixeiramente o total do número de persoas traballadoras afectadas por todas as medidas agás a de redución de xornada.

Cadro 11.14

Empresas e persoas traballadoras afectadas por procedementos de regulación de emprego, segundo tipo de medida, por comunidade autónoma. 2018-2019

	Empresas afectadas		Persoas traballadoras afectadas							
			Total		Despido colectivo		Suspensión de contrato		Redución de xornada	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Andalucía	279	215	4.001	5.289	2.081	3.580	1.593	1.447	327	262
Aragón	103	109	1.961	2.654	584	1.048	1.111	1.519	266	87
Asturias	129	147	3.295	3.142	403	956	2.528	1.967	364	219
Baleares	89	75	1.127	1.167	560	532	518	604	49	31
Canarias	87	96	1.853	3.428	440	1.435	1.395	1.924	18	69
Cantabria	49	68	694	1.970	92	280	539	1.632	63	58
Castela-A Mancha	58	67	855	1.416	352	797	235	500	268	119
Castela e León	173	163	2.692	5.073	1.194	1.006	1.345	3.850	153	217
Cataluña	309	418	6.685	11.898	3.255	7.388	3.180	4.120	250	390
C. Valenciana	329	314	18.015	27.494	2.006	2.621	15.467	24.458	542	415
Extremadura	40	50	534	760	338	500	140	221	56	39
Galicia	169	166	6.083	4.692	979	1.956	4.939	2.552	165	184
Madrid	286	329	11.857	13.498	5.700	6.541	5.531	6.572	626	385
Murcia	45	57	959	1.443	706	804	211	601	42	38
Navarra	74	59	8.580	1.944	360	533	8.194	1.377	26	34
País Vasco	199	178	3.439	2.861	781	730	2.303	1.910	355	221
A Rioxa	19	17	232	143	92	111	100	29	40	3
Ceuta	2	5	34	11	34	9		2		
Melilla	0	5		44		44	0	0		
Total	2.076	2.169	72.896	88.927	19.957	30.871	49.329	55.285	3.610	2.771

(1) Nos datos de empresas, os datos do total nacional e dos totais por provincias e/ou comunidade autónoma poden non coincidir coa suma dos datos por comunidades autónomas debido a que unha mesma empresa pode ter centros afectados por procedementos de regulación de emprego en distintas provincias e/ou comunidades autónomas.

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

11.2. Fogasa

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Economía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que contén cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ocupen cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Aboar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - . Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - . Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pago parcial ou total da indemnización.

No conxunto do Estado reducíronse, con respecto a anos anteriores, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa, mentres que en Galicia aumentaron tanto o número de persoas como expedientes.

En Galicia o incremento do número de persoas beneficiarias de prestacións do Fogasa foi en 2019 do 21%, con respecto a 2018.

A nivel estatal a redución alcanzou o 11% no 2019 mentres aumentou en Galicia.

Comparando as provincias galegas, o maior aumento deuse en Lugo en 2019 cun incremento do 100%, seguida da Coruña cun 60% mais. Nas outras dous provincias, Pontevedra e Ourense reducíronse levemente o número de persoas beneficiarias.


Cadro 11.15

Expedientes, empresas afectadas e persoas beneficiarias segundo sexo, por provincia. Galicia. 2019

	Expedientes	Empresas	Persoas beneficiarias		
			Ambos os sexos	Homes	Mulleres
Galicia	4.209	1.439	5.012	2.783	2.202
A Coruña	2.086	773	2.681	1.445	1.230
Lugo	634	167	652	353	293
Ourense	299	112	382	225	157
Pontevedra	1.190	412	1.287	760	522

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.



Como consecuencia da diminución das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén unha diminución dos importes dos salarios acordados en España.

No conxunto do Estado a redución foi:

2019: mulleres 5% e homes 2.6%

Mentres que en Galicia o incremento foi:

2019: Mulleres 42% e homes 15%

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o maior aumento en Lugo (91%) e na Coruña (67%). Mentres que en Pontevedra e Ourense baixou levemente.

Cadro 11.16

Importe dos salarios acordados segundo sexo, por provincia. Galicia 2018-2019

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos ⁽¹⁾		Homes		Mulleres	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
España	198.752,2	191.545,2	128.083,9	124.759,0	66.431,5	62.996,9
Galicia	11.134,4	13.744,7	7.375,0	8.509,0	3.628,7	5.153,6
A Coruña	4.524,5	7.593,0	2.843,3	4.764,8	1.634,9	2.803,0
Lugo	865,8	1.662,0	577,7	942,3	274,0	705,9
Ourense	1.251,9	1.203,7	973,4	729,1	262,2	474,6
Pontevedra	4.492,2	3.286,0	2.980,6	2.072,8	1.457,6	1.170,1

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con Ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2018/2019.

Seguindo a tendencia das reducións en España, do número de persoas beneficiarias e empresas en 2019, tamén se reduciron os importes das indemnizacións acordadas.

En España estas reducións foron:

2019: mulleres 4,7% e homes 9%

En Galicia dáse un leve aumento global, pero se desagregamos por sexo vese que o aumento só e no colectivo feminino, no masculino o que hai e unha redución:

2019: mulleres aumento do 51% e homes redución do 16%

A nivel provincial, sen desagregar por sexo, a provincia con máis aumento é A Coruña co 98% e a de maior redución e Pontevedra con 45% menos.

Cadro 11.17

Importe das indemnizacións acordadas segundo sexo, por provincia. Galicia. 2018-2019

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos ⁽¹⁾		Homes		Mulleres	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
España	357.349,5	329.420,4	228.845,5	208.274,6	122.633,5	116.765,8
Galicia	23.606,2	24.540,9	15.935,5	13.370,5	7.295,2	11.027,5
A Coruña	7.058,7	13.970,7	4.201,9	7.305,6	2.758,1	6.641,7
Lugo	1.778,6	2.275,3	1.294,6	992,3	471,0	1.258,3
Ourense	3.003,2	1.882,2	2.273,6	1.006,9	646,5	875,2
Pontevedra	11.765,7	6.412,7	8.165,4	4.065,7	3.419,6	2.252,3

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con Ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2018/2019.

Nos cadros 12.18 e 12.19 pódese apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

Cadro 11.18

Importe dos salarios acordados segundo motivo de solicitude por provincia. Galicia. 2018-2019

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Total		Execucións laborais		Procedementos concursais	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
España	198.752,2	191.545,2	117.760,9	116.806,9	80.989,9	74.730,8
Galicia	18.924,4	13.744,7	5.333,7	7.135,0	5.800,6	6.609,7
A Coruña	4.524,5	7.593,0	2.459,7	3.950,1	2.064,7	3.642,9
Lugo	8.655,8	1.662,0	438,4	599,0	427,4	1.063,0
Ourense	1.251,9	1.203,7	907,9	662,1	343,9	541,6
Pontevedra	4.492,2	3.286,0	1.527,7	1.923,8	2.964,6	1.362,2

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con Ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2018/2019.

Cadro 11.19

Importe das indemnizacións acordadas segundo motivo da solicitude, por provincia. Galicia 2018-2019

	INDEMNIZACIÓNS (miles de €)							
	Total		Por impago da empresa				Responsabilidade directa Fogasa	
			Execucións laborais		Procedementos concursais			
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
	España	357.349,5	329.420,4	164.534,7	150.398,5	192.031,4	178.582,8	783,4
Galicia	23.606,2	24.540,9	8.357,0	10.304,2	15.244,5	14.229,4	4,6	7,1
A Coruña	7.058,7	13.970,7	2.921,0	5.351,5	4.133,1	8.612,0	4,6	7,1
Lugo	1.778,6	2.275,3	673,8	875,2	1.104,8	1.400,2	0,0	0,0
Ourense	3.003,2	1.882,2	2.273,1	957,0	730,1	925,1	0,0	0,0
Pontevedra	11.765,7	6.412,7	2.489,1	3.120,5	9.276,5	3.292,1	0,0	0,0

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2017/2018.